

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 12018** *Real decreto 1048/2018, do 24 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1054/2014, do 12 de decembro, polo que se regula o procedemento de cesión dos dereitos de cobramento do déficit do sistema eléctrico do ano 2013 e se desenvolve a metodoloxía de cálculo do tipo de xuro que devindicarán os dereitos de cobramento do dito déficit e, se é o caso, dos desaxustes temporais negativos posteriores.*

A disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, recoñece para o ano 2013 a existencia dun déficit de ingresos de liquidacións do sistema eléctrico. Así mesmo, establece que o dito déficit xerará dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual por determinados ingresos do sistema dos quince anos sucesivos contados desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a súa satisfacción, e que as cantidades achegadas por este concepto serán devoltas recoñecéndose un tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola cal se revisen as peaxes e os cargos. Ademais do anterior, prevé que, para o financiamento do dito déficit, os dereitos de cobramento correspondentes se poidan ceder conforme o procedemento que o Goberno determine regulamentariamente.

Este procedemento estableceuse no Real decreto 1054/2014, do 12 de decembro, polo que se regula o procedemento de cesión dos dereitos de cobramento do déficit do sistema eléctrico do ano 2013 e se desenvolve a metodoloxía de cálculo do tipo de xuro que devindicarán os dereitos de cobramento do dito déficit e, de ser o caso, dos desaxustes temporais negativos posteriores. Neste real decreto regulouse o procedemento para a cesión dos dereitos de cobramento e estableceuse unha metodoloxía para a determinación do tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado, para os titulares dos dereitos de cobramento orixinados polo déficit do ano 2013 e para outros suxeitos que, de ser o caso, realicen achegas en concepto de desaxustes temporais a partir do ano 2014.

A Orde IET/2444/2014, do 19 de decembro, pola que se determinan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2015, estableceu nos números 2 e 3 do artigo 7 as anualidades dos anos 2014 e 2015 correspondentes ao déficit do ano 2013.

Con data do 3 de novembro de 2016 e do 27 de marzo de 2017, o Tribunal Supremo ditou, respectivamente, as sentenzas contra a Orde IET/2444/2014, do 19 de decembro, que declaran contrarios a dereito o cómputo dos xuros tidos en conta para determinar as anualidades dos anos 2014 e 2015 correspondentes ao déficit do ano 2013.

Como consecuencia da primeira Sentenza do 3 de novembro de 2016, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobou, con data do 16 de febreiro de 2017, a metodoloxía de cálculo dos xuros correspondentes ao financiamento do déficit 2013 por Gas Natural SDG, S.A.

Posteriormente, con data do 16 de novembro de 2017, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitiu ao extinto Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital un novo documento que contiña unha actualización da metodoloxía, así como as contías a que ascenderían os xuros para aboar ás empresas financiadoras do déficit 2013.

Con data do 4 de decembro de 2017 e do 13 de abril de 2018, o Tribunal Supremo ditou, respectivamente, as sentenzas nos recursos interpostos por Iberdrola, S.A. e Gas Natural SDG, S.A. contra a Orde IET/2735/2015, do 17 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso de 2016 e se aproban determinadas instalacións tipo e parámetros retributivos de instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos. As sentenzas pronúncianse en iguais termos que a do 27 de marzo anteriormente sinalada e adicionalmente recoñecen o dereito da parte recorrente

ao pagamento das cantidades resultantes dos cálculos indicados, cos xuros que correspondan, desde a data de interposición do recurso.

Este real decreto dítase en virtude do disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 27 de decembro, do sector eléctrico, co fin de executar o recollido nas citadas sentenzas. Así mesmo, o real decreto recolle as contías resultantes da aplicación da metodoloxía, as cales foron propostas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no acordo sinalado anteriormente.

Finalmente, instase a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como órgano encargado de realizar as liquidacións, para que proceda a liquidar as obrigacións de cobramento e os dereitos de pagamento que resulten oportunos.

De acordo co precisado nos artigos 5.2 e 7.22 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto neste real decreto foi sometido a informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Para a aprobación do presente real decreto cumpriuse o preceptivo trámite de audiencia mediante publicación na páxina web do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e a través do Consello Consultivo de Electricidade da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Por outra parte, o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Deste modo, a súa adecuación aos principios de necesidade e eficacia explícanse polo obxecto que persegue esta norma, polo cal se executan diversas sentenzas do Tribunal Supremo, mediante o establecemento dunha metodoloxía de cálculo dos xuros devindicados polas cantidades achegadas ao sistema, para o financiamento do déficit de 2013.

A adecuación ao principio de proporcionalidade implica que este real decreto contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que cómpre cubrir, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que lles impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Pola súa vez, este real decreto adécuase ao principio de seguridade xurídica, ao dotar de certeza e claridade a materia regulada, e é coherente co resto do ordenamento xurídico e coas sentenzas do Tribunal Supremo a cuxo cumprimento se ordena.

A adecuación ao principio de transparencia realízase mediante o correspondente trámite de audiencia aos potenciais destinatarios da norma, incluíndo o acceso aos documentos propios do seu proceso de elaboración, e ao feito de que a norma define claramente os seus obxectivos, reflectidos no seu preámbulo e na memoria que o acompaña.

Por último, a adecuación ao principio de eficiencia supón que esta iniciativa normativa non impón cargas administrativas e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto:

a) A modificación do Real decreto 1054/2014, do 12 de decembro, polo que se regula o procedemento de cesión dos dereitos de cobramento do déficit do sistema eléctrico do ano 2013 e se desenvolve a metodoloxía de cálculo do tipo de xuro que devindicarán os dereitos de cobramento do dito déficit e, de ser o caso, dos desaxustes temporais negativos posteriores.

b) O establecemento, para as empresas que financiaron o déficit do ano 2013, de acordo co disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 27 de decembro, do sector eléctrico, das contías resultantes en concepto de pagamento dos xuros en condicións equivalentes ás do mercado, devindicados polas cantidades sufragadas desde a data da súa efectiva achega ata o 31 de decembro de 2013.

2. Este real decreto será de aplicación aos titulares dos dereitos de cobramento correspondentes ao déficit do ano 2013 de acordo co previsto na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Artigo 2. *Modificación do Real decreto 1054/2014, do 12 de decembro, polo que se regula o procedemento de cesión dos dereitos de cobramento do déficit do sistema eléctrico do ano 2013 e se desenvolve a metodoloxía de cálculo do tipo de xuro que devindicarán os dereitos de cobramento do dito déficit e, se é o caso, dos desaxustes temporais negativos posteriores.*

O Real decreto 1054/2014, do 12 de decembro, polo que se regula o procedemento de cesión dos dereitos de cobramento do déficit do sistema eléctrico do ano 2013 e se desenvolve a metodoloxía de cálculo do tipo de xuro que devindicarán os dereitos de cobramento do dito déficit e, se é o caso, dos desaxustes temporais negativos posteriores, modifícase como se indica a continuación:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Períodos de cobramento e tipos de xuro.*

1. O prazo en que o importe pendente de cobramento do déficit do ano 2013 devindicará xuros será de 15 anos, coincidindo así co prazo previsto para a recuperación das achegas realizadas para cubrir o déficit do ano 2013 na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro. Para estes efectos, o dito prazo constará de dous períodos denominados período inicial e período final.

2. Defínese como período inicial aquel que transcorre desde o 1 de xaneiro do ano 2014 ata o día en que se efectúe a liquidación complementaria da liquidación provisional 14 do ano 2013.

Durante o período inicial, o importe pendente de cobramento do déficit do ano 2013 devindicará xuros que serán calculados por aplicación dun tipo de xuro denominado tipo de xuro inicial.

A metodoloxía de determinación do tipo de xuro inicial que se aplicará ao financiamento do déficit do ano 2013 será a establecida no número 1.1 do anexo I.

3. Defínese como período final aquel que transcorre desde o día seguinte a aquel en que se efectúe a liquidación complementaria da liquidación provisional 14 do ano 2013 ata o 31 de decembro do ano 2028.

Durante o período final, o importe pendente de cobramento dos dereitos de cobramento correspondente ao déficit do ano 2013 devindicará xuros que serán calculados por aplicación dun tipo de xuro denominado tipo de xuro final.

A metodoloxía de determinación do tipo de xuro final que se aplicará ao financiamento do déficit do ano 2013 será a establecida no número 1.2 do anexo I.

4. As empresas que, de acordo co disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 27 de decembro, financiaron o déficit do ano 2013 percibirán unha cantidade en concepto de pagamento polos xuros devindicados desde a data da súa efectiva achega ata o 31 de decembro de 2013.

A metodoloxía de cálculo dos xuros correspondentes ao financiamento do déficit 2013, desde o momento da súa achega ata o 31 de decembro de 2013, será a recollida no anexo V.»

Dous. Introdúcese un novo anexo V, que queda redactado como segue:

«ANEXO V

Metodoloxía de cálculo dos xuros correspondentes ao financiamento do déficit 2013, desde o momento da súa achega ata o 31 de decembro de 2013

O cálculo dos xuros correspondentes ao financiamento do déficit de 2013, desde a data da súa efectiva achega ata o 31 de decembro de 2013, incorporando os xuros correspondentes ás liquidacións de 2013 feitas efectivas en 2014, realizarase de acordo coa seguinte metodoloxía:

a) Calcularanse os xuros devindicados polas cantidades financiadas polas empresas ao longo de 2013, desde a data en que se produciron cada unha das ditas achegas ata o 31 de decembro de 2013.

b) Se as ditas sociedades recibisen ingresos en lugar de pagamentos durante o dito período, considerarase que se produce unha amortización parcial do importe financiado polas ditas sociedades.

c) Para o cómputo dos xuros devindicados durante 2013, empregaranse as fórmulas establecidas no anexo III deste real decreto, utilizando tipos de xuro diarios. O tipo de xuro aplicable para o cálculo dos xuros devindicados durante 2013 será o resultante de aplicar a metodoloxía establecida no número 1.1 do anexo I do presente real decreto, tomando como referencia os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2012.

d) Ás cantidades obtidas para cada unha das empresas en concepto de xuros devindicados polas cantidades financiadas ao longo de 2013, desde a data en que se produciu cada achega ata o 31 de decembro de 2013, restaráselles os xuros devindicados entre o 1 de xaneiro de 2014 e as datas de pagamento das liquidacións posteriores ao 1 de xaneiro de 2014 nas cales as empresas realizan achegas para o financiamento do déficit do ano 2013.

Para o cómputo dos xuros devindicados durante 2014 empregaranse as fórmulas establecidas no anexo III deste real decreto, utilizando tipos de xuro diarios. O tipo de xuro aplicable para o cálculo dos xuros devindicados durante 2013 será o resultante de aplicar a metodoloxía establecida no número 1.1 do anexo I deste real decreto.»

Artigo 3. *Xuros devindicados polas empresas financiadoras do déficit 2013 desde a data da súa efectiva achega ata o 31 de decembro do ano 2013.*

1. As contías que se aboarán a cada unha das empresas que, de acordo co disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/2013, do 27 de decembro, financiaron o déficit do ano 2013, en concepto de pagamento dos xuros en condicións equivalentes ás do mercado, devindicados polas cantidades sufragadas desde a data da súa efectiva achega ata o 31 de decembro de 2013, serán as seguintes por referencia á denominación que tiñan naquel momento:

	Euros
Iberdrola, S.A.	5.162.103
Hidroeléctrica del Cantábrico, S.A.	896.475
Endesa, S.A.	6.511.239
EON España, S.L.	147.447
GAS Natural Fenosa S.D.G., S.A.	2.027.390
Total.	14.744.653

2. O organismo encargado de liquidacións procederá a liquidar as contías establecidas no punto anterior na primeira liquidación do exercicio 2018 que sexa sometida a trámite de audiencia tras a aprobación deste real decreto. As cantidades resultantes de aplicar o establecido no punto anterior terán a consideración de custo liquidable do sistema para os efectos previstos no procedemento de liquidación dos custos do sistema eléctrico.

Disposición adicional única. *Pagamento de xuros de demora de Iberdrola, S.A. e Gas Natural, SDG, S.A.*

1. De acordo co recollido na Sentenza do Tribunal Supremo, do 4 de decembro de 2017, no recurso contencioso-administrativo 1904/2017, a empresa Iberdrola, S.A. percibirá, en concepto de xuros de demora, a cantidade resultante de lle aplicar á contía recollida para Iberdrola, S.A., no artigo 3.1, o xuro legal de acordo co previsto no artigo 106.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que corresponda desde o 25 de febreiro de 2016 ata a data en que se produza a liquidación sinalada no artigo 3.2.

2. De acordo co recollido na Sentenza do Tribunal Supremo, do 13 de abril de 2018, no recurso contencioso-administrativo 895/2016, interposto por Gas Natural SDG, S.A. contra a Orde IET/2735/2015, do 17 de decembro, a empresa Gas Natural SDG, S.A. percibirá, en concepto de xuros de demora, a cantidade resultante de lle aplicar á contía recollida para Gas Natural SDG, S.A., no artigo 3.1, o xuro legal de acordo co previsto no artigo 106.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que corresponda desde o 9 de febreiro de 2016 ata a data en que se produza a liquidación sinalada no artigo 3.2.

3. O organismo encargado de liquidacións procederá a liquidar as contías establecidas nos puntos anteriores na primeira liquidación do exercicio 2018 que sexa sometida a trámite de audiencia tras a aprobación do presente real decreto. As cantidades resultantes de aplicar o establecido nos puntos anteriores terán a consideración de custos liquidables do sistema para os efectos previstos no procedemento de liquidación dos custos do sistema eléctrico.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de agosto de 2018

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ